



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE DEZ DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E DOUS
(ACTA NÚMERO 21)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Gloria Baamonde Tomé

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **dez de xuño de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como Interventora dona Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRES DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día tres de xuño de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MEDIACIÓN E ASESORAMENTO EN MATERIA DE ASEGURAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente da contratación dos Servizos de mediación e asesoramento en materia de aseguramiento da Deputación Provincial de Lugo.

Antecedentes:

Memoria xustificativa do contrato e orden de inicio, con CSV: IV7D4L2LYFRTTGF6YY6BCIDBFY.

Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7D4IDDPYJ33WMMAF4QP5QBJ4.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7D4P3PPFMZ5W457QOXAFKQEU.

Informe xurídico, conformado polo Secretario Xeral, con CSV: IV7D4PZNL442ZL4T2E6AMU2FC4.

Informe de Intervención.



Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación dos Servizos de mediación e asesoramento en materia de aseguramiento da Deputación Provincial de Lugo. Este contrato non supón custo económico para a Deputación, que non abonará prezo algún ao adxudicatario. Pola prestación dos servizos incluídos nesta contratación, o adxudicatario de acordo co uso e práctica do mercado e coa lexislación aplicable, será retribuído polas entidades aseguradoras coas que se contraten ou subscriban as correspondentes pólizas de seguro as cales se abonarán como prezo do contrato o resultado de aplicar ás primas netas dos seguros a porcentaxe de comisión ofertada, entendéndose por prima neta a prima total menos os impostos, recargas e taxas do consorcio de compensación de seguros.

2º.- A duración do contrato será de de dous anos, con entrada en vigor a partir do día seguinte á formalización do contrato, ou no seu defecto na data que figure na acta de inicio, sendo a data prevista o día 1 de agosto de 2022. O contrato poderá prorrogarse por dous anos máis, sen que a duración total do contrato exceda dos 4 anos. (2+2).

No obstante o anterior, en caso de vencemento da vixencia do contrato e non se houbese formalizado aínda un novo contrato, quedará aquel prorrogado obrigatoriamente por un prazo máximo de hasta 6 meses, nas mesmas condicións nas que se adxudicou o contrato durante o tempo que dure esta prórroga forzosa.

3º.- Aprobar o contido íntegro do expediente incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación

dos aspectos sociais como criterio de puntuación, así como a obtención de melloras na prestación a través das ofertas realizadas polos licitadores.

4º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto con pluralidade de criterios, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTO PARA O CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE RIBAS DE SIL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración de equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Ribas de Sil, 2022/CON_02/000044, consta no mesmo:

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7D43D4B54NSSFOYNXFCMZXH4¹.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7D4X3KND4Z2SBDQRNMAJHVKY.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7D4GJZPIHTKXOOUMIEK72BO4.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV:
IV7D4IB7FT5C7RBSWEXQAMQ6B4.

Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV:
IV7D4IB5OB5N7NPPXVOMG4ITIU.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV:
IV7D4OLCZ5PC5XG2DVFTI4TDCM.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da subministración de equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Ribas de Sil, 2022/CON_02/000044, cun prazo de entrega de dous meses desde a sinatura da acta de inicio.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 331.472,55 €, ao que se aplicará un IVE (21% e 10% segundo os casos, detallados no Anexo III da Memoria Xustificativa) do 68.652,45 €, o que fai un total de 400.125,00 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DAS PRESTACIÓNS A PERSOAS MAIORES NOS CENTROS DE ATENCIÓN MAIORES DE RIBAS DE SIL E MEIRA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación das prestacións a persoas maiores nos centros de atención maiores de Ribas de Sil e Meira, consta no mesmo:

Providencia de inicio de expediente de contratación, con CSV: IV7DRXJCAEX2KWWDCEQXIE7P6Q².

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7DSTDONX5YTCRN2M6444SF4Y.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7D4TXLZ4UNQTGI4VXBI5BBAI

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7DRXRIOBR4WVFJWBADOEPBCA.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7D4TXLZ4UNQTGI4VXBI5BBAI.

Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7D4TYJFNU75XNPYJYQO3XD7Y.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7D4XQIYH6KYTBSCNHQIEQG6Q.

²Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación das prestacións a persoas maiores nos centros de atención maiores de Ribas de Sil e Meira, expediente 2022/CON_02/000035, con duración desde o 21.09.2022 (inicio previsto) ata o 20.06.2023, ambos incluídos, mais 3 posibles prórrogas (1 [21.09.2023 ata o 20.09.2024]+1 [21.09.2024 ata o 20.09.2025]+ ata 9 meses mais [21.09.2025 ata o 20.06.2026]) e como máximo ata o 20.06.2026, data na que remata a vixencia dos convenios, xa que o contrato está vinculado directamente co compromiso establecido polos convenios marcos e específicos entre a Deputación de Lugo e os Concellos.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 1.265.966,34 €, ao que se aplicará un IVE do 4%, 50.638,66 €, o que fai un total de 1.316.605,00 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.

O importe do contrato ascende a 1.316.605,00 €, IVE engadido, e financiase de acordo as seguintes anualidades:

CENTRO	2022	A	2023	A	TOTAL
LOTE 1.- CAM RIBAS DE SIL	170.040,99	92022/3926	438.439,01	920229/132	608.480,00
LOTE 2.- CAM MEIRA	197.886,99	92022/3927	510.238,01	920229/133	708.125,00
SUMA	367.927,98		948.677,02		1.316.605,00

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2022, polo importe relacionado, para a anualidade 2022.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2023 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS APARELLOS ELEVADORES E PORTAS AUTOMÁTICAS NOS CENTROS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE TRABADA, POL, A FONSAGRADA, CASTROVERDE, PEDRAFITA DO CEBREIRO, MEIRA, NAVIA DE SUARNA E RIBAS DE SIL, DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:



“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 2 de xuño de 2022, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

Antecedentes:

Memoria xustificativa e providencia de inicio de expediente de contratación, con CSV: IV7CGTS53PXZL77JS4HQA3DIE³.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7CGTS5CEU2LDFSUHXMH57WKE.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7C3QBY3L7JJLE223UMDZJD44.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7CGTXK3E6M7D7T4YXD6AXXCU.

Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7CGTXPBBUMV2XSAB5WOQATOU.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7CGXBLH4V2J6OD5X4SNZ3A6Q.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7CG6LOZMJK3C7CSIFREI3DAY.

Acordo da Xunta de Goberno de data 8 de abril de 2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7CGLSILZFC3L4S23UBAFRE44.

Acta da Mesa de Contratación do día 26 de abril de 2022, con CSV IV7DVUHJ3477V7GMVRP4MLRO6M, que acordou o seguinte:

“Primeiro.- Apertura e cualificación administrativa correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento.

Pola Presidencia dase conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura do sobre que contén a declaración de

³Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

cumprimento de requisitos previos dos licitadores concorrentes a esta licitación, que segundo os datos obrantes na Plataforma de contratación do sector público son os seguintes:

LICITADORES
ORONA S.COOP.
SCHINDLER, S.A.
TK ELEVADORES ESPAÑA,S.L.
ZARDOYA OTIS, S.A.

Dada conta ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado este, e considerando que a empresa concorrente presentou dentro do prazo concedido a tales efectos as súas propostas, a Mesa de contratación acorda admitir as ofertas presentadas polos licitadores, procedendo acto seguido á cualificación do sobre electrónico, co seguinte resultado: Os Anexos I presentados polas empresas axústanse aos requisitos recollidos no PCAP.

A Mesa de contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda admitir á licitación ás empresas presentadas.

Segundo.- Apertura criterios avaliados automaticamente correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento.

A Mesa procedeu á apertura dos sobres electrónicos que conteñen os criterios avaliados automaticamente:

LICITADOR	CRITERIO 1 oferta económica (IVE incluído)	CRITERIO 2 formación
ORONA S.COOP.	8.036,82 €	si
SCHINDLER, S.A.	6.098,40 €	si
TK ELEVADORES ESPAÑA,S.L.	8.443,38 €	si
ZARDOYA OTIS, S.A.	8.624,88 €	non

A continuación, realízase o cálculo para identificar a existencia de ofertas económicas incursas en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa, segundo o disposto no artigo 149 da LCSP, resultando que se atopa nesta situación o licitador Schindler, S.A.:



Ofertas Presentadas	Importe Oferta	Importe de la Baja	Porcentaje de Baja sobre precio base licitación	Primer Filtro	¿Baja Temeraria?
ORONA S.COOP.	8.036,82	8.588,58	51,6594%	Se incluye	No es Baja Temeraria
SCHINDLER, S.A.	6.098,40	10.527,00	63,3188%	Se incluye	Es Baja Temeraria
TK ELEVADORES ESPAÑA,S.L.	8.443,38	8.182,02	49,2140%	Se incluye	No es Baja Temeraria
ZARDOYA OTIS, S.A.	8.624,88	8.000,52	48,1223%	No se incluye	No es Baja Temeraria
Medias calculadas	7.800,87	8.824,53	54,73%	7.526,20	Media Ofertas incluidas
Porcentaje de Baja a partir del cual se considera BAJA TEMERARIA e importe de la oferta, en valores absolutos, a partir del cual tiene esa consideración (Media Aritmética Ofertas incluidas menos 10 unidades porcentuales)			59,26%	6.773,58	

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade adoptar o seguinte acordo:

Conceder o trámite de xustificación das ofertas presentadas, previsto no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación, ao licitador Schindler, S.A, por un prazo de 5 días hábiles, ao encontrarse a súa oferta en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa”.

Acta da Mesa de Contratación reunida o 11 de maio de 2022, con CSV IV7DQ7HKBV44LSHP6DQTP5PO5Y, que recolle o seguinte:

“Con data 28 de abril deuse traslado á empresa do trámite de xustificación de oferta anormalmente baixa. A empresa presentou xustificación con data 5 de maio, en prazo.

O Servizo de benestar social e igualdade emitiu informe, con CSV IV7DQQKPYAZ2QRE62UWRJZ2SFY, que conclúe:

“Considerase que a información achegada explica satisfactoriamente o baixo nivel do custo proposto po Schindler, S.A. e que, polo tanto, a oferta pódese cumprir sen rebaixar a calidade das prestacións dos servizos solicitados nos pregos.”

A Mesa acorda facer seu o informe do Servizo de benestar social e igualdade e aceptar a xustificación da oferta por unanimidade dos presentes.

A Mesa procede á valoración das ofertas, co resultado seguinte:

LICITADORES	CRITERIO 1 OFERTA ECONÓMICA IVE INCLUIDO	PUNTUACIÓN CRITERIO 1	CRITERIO 2 FORMACIÓN	PUNTUACIÓN CRITERIO 2	TOTAL
ORONA S.COOP.	8.036,82 €	68,29 puntos	si	10 puntos	78,29 puntos
SCHINDLER, S.A.	6.098,40 €	90 puntos	si	10 puntos	100 puntos
TK ELEVADORES ESPAÑA,S.L.	8.443,38 €	65 puntos	si	10 puntos	75 puntos
ZARDOYA OTIS, S.A.	8.624,88 €	63,64 puntos	non	0 puntos	63,64 puntos

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

1º.- Aceptar a xustificación presentada pola empresa de conformidade co informe do Servizo de benestar social e igualdade.

2º.- Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	SCHINDLER, S.A	100
2	ORONA S.COOP.	78,29
3	TK ELEVADORES ESPAÑA,S.L.	75
4	ZARDOYA OTIS, S.A.	63,64

3º.- Requirir á empresa Schindler, S.A para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (importe ofertado sen IVE)	IMPORTE DA GARANTÍA 10 % (cláusula 10.3 do PCAP)
5.040 €	504 €



Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento”.

Resolución de Presidencia de data 18 de maio de 2022, con CSV IV7DRQK2DMP2XK7DSL5ET3FJ4, de clasificación e requirimento de documentación.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 2 de xuño de 2022, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente: garantía, póliza e recibo do seguro de responsabilidade civil e certificado de empresa habilitada.

Incorpórase ao expediente certificado do rolece no que consta a personalidade, capacidade do empresario e representación, certificado de alta en IAE, certificado do Rexistro de contratistas da Xunta no que consta estar ao corrente de obrigas tributarias e coa Seguridade Social e certificado da Recadación Provincial e carta de pago da garantía depositada. A solvencia económica e técnica queda acreditada mediante a clasificación no grupo P subgrupo 07 categoría 5, que segundo o Anexo II do Regulamento 1098/2001, se corresponde co CPV 50750000-7 establecido no PCAP.

O membro da Mesa D. Manuel Roel Hernández-Serrano comunica á Mesa que detectou un erro no aval bancario de Bankinter, xa que aínda que fai referencia ao número e nome correcto do expediente, engade unha referencia incorrecta: “Expediente 2021/CON_02/000024”, entendendo que o resto de elementos do aval son correctos. A Mesa acorda, a efectos de incorporalo ao expediente, solicitar á empresa que presente aclaración de Bankinter de que esta referencia a “Expediente 2021/CON_02/000024” é errónea e a correcta é 2022/02_000021, así como autorizar ao Servizo de Contratación para que leve a cabo este trámite.

A Mesa acorda, por unanimidade dos seus membros, declarar completa a documentación e propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Schindler, S.A. a contratación do servizo de mantemento integral dos aparellos elevadores e portas automáticas nos centros de atención ás persoas maiores de Trabada, Pol, A Fonsagrada, Castroverde, Pedrafita do Cebreiro, Meira, Navia de Suarna e Ribas de Sil, da Deputación de Lugo. expediente nº: 2022/con_02/000021, polo importe de 5.040,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 1.058,40 €, o que fai un total de 6.089,40 € para un ano de contrato e con compromiso de realizar formación teórico/práctica segundo o definido nos criterios de adxudicación.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Schindler, S.A. a contratación do servizo de mantemento integral dos aparellos elevadores e portas automáticas nos centros de atención ás persoas maiores de Trabada, Pol, A Fonsagrada, Castroverde, Pedrafita do Cebreiro, Meira, Navia de Suarna e Ribas de Sil, da Deputación de Lugo. expediente nº: 2022/con_02/000021, polo importe de 5.040,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 1.058,40 €, o que fai un total de 6.089,40 € para un ano de contrato e con compromiso de realizar formación teórico/práctica segundo o definido nos criterios de adxudicación, coa seguinte distribución por anualidades:

MANTEMENTO ASCENSORES RESIDENCIAS DURANTE UN ANO (16/06/22 A 15/06/23)						
CAM	APLICACIÓN	IMPORTE ANO	2022 (6,5 MESES)	22/A	2023 (5,5 MESES)	23/A
TRABADA	2315.212	664,78	360,09	22022/12728	304,69	220229/255
POL	2315.212	664,78	360,09	22022/12729	304,69	220229/253
FONSAGRADA	2315.212	1.382,75	748,99	22022/12730	633,76	220229/249
PEDRAFITA DO CEBREIRO	2315.212	664,78	360,09	22022/12731	304,69	220229/252
CASTROVERDE	2315.212	664,78	360,09	22022/12732	304,69	220229/248
MEIRA	2315.212	664,78	360,09	22022/12733	304,69	220229/250
NAVIA DE SUARNA	2315.212	717,96	388,88	22022/12734	329,08	220229/251
RIBAS DE SIL	2315.212	664,78	360,09	22022/12735	304,69	220229/254
SUMA		6.089,40	3.298,41		2.790,99	



Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2022, polo importe relacionado, para a anualidade 2022.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2023 as cantidades indicadas, na aplicación sinalada.

2º.- O prazo de duración do contrato é de un ano, con posibilidade de tres prórrogas máis de 1+1+ ata 12 meses máximo, tendo en conta os compromisos establecidos nos convenios marco e específicos entre a Deputación de Lugo e os Concellos tanto a efectos económicos como a efectos de vixencia, a cal remataría o 20 de xuño de 2026.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE

GASÓLEO “C” PARA CALEFACCIÓN NOS CENTROS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración de gasóleo “C” para calefacción nos centros da Deputación Provincial de Lugo, 2022/CON_02/000045 consta no mesmo:

Orden de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7DSK7MZQNIKRO76T5DCYSCOM⁴.

Prego de prescricións técnicas, asinado pola Xefa do Servizo de Arquitectura, con CSV: IV7DSK7DBBPOJCPL2YXFMUXO4M.

Solicitud de consignación orzamentaria, con CSV: IV7DSL7C7B4XVMVREMVUOR4Y7RGU.

Informe de costes por ano, con CSV: IV7DTUH63MPNLCWLWEISMXYE4Y.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7D4SDL3ZV4TXWYTT5U4VQEOA.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7D4L7IBYJD7W632VWVGIBDEM.

Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7D4L7P37WNXC4MQJXQ6RIX44.

Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación de gasóleo “C” para calefacción nos centros da Deputación Provincial de Lugo, expediente, cun prazo de duración de un ano prorrogable por outro ano, e un prazo de entrega máximo de 48 horas.

⁴Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 97.880,90 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 20.554,99 €, o que fai un total de 118.435,89 €. O gasto financiarase conforme ao seguinte desglose:

CENTRO	APLICACIÓN	IMPORTE(IVE ENGADIDO)	2022	RC/22	2023	RC/23
MUSEO PROVINCIAL	3330.22103	33.440,72	13.376,28	22022/17517	20.064,44	220229/289
EDIFICIO MIÑO	9200.22103	11.146,90	4.458,76	22022/17518	6.688,14	220229/290
GRANXA	4120.22103	2.786,73	1.114,69	22022/17519	1.672,04	220229/291
PAZO DE TOR	3332.22103	9.753,55	3.901,42	22022/17520	5.852,13	220229/292
CAM NAVIA DE SUARNA	2315.22103	61.307,99	24.523,19	22022/17515	36.784,80	220229/293
TOTAL		118.435,89	47.374,34		71.061,55	

Segundo informe da Intervención Xeral, existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2022, polos importes relacionados, para a anualidade 2022.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2023 as cantidades indicadas nas aplicacións sinaladas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE REMANENTES DE DIVERSAS OBRAS DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN 2021.

Escrito do Concello de Cervo, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento 63 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Cervo, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (63) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12/01/2021.

2. Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/ actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:



Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2022, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse na data límite do 31 de outubro de 2022 e xustificaranse na data límite do 15 de novembro de 2022.

...”

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 30/03/2021, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

4. O Concello de Cervo presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
CERVO	63	ABASTECIMIENTO AO NÚCLEO DE TRASBAR, INCLUIDO HONORARIOS	1610.76201	12.584,00 €

5. Por escrito de data 31/05/2022 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERTIMENTO
CERVO	REM	RENOVACION DE RED DE ABASTECIMIENTO EN LUGAR DE ALLEIRA Y O CAL	1610.76201	14.717,94 €	12.584,00 €	27.301,94 €

6. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2021, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Cervo, no Plan Único 2021.”

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Cervo e incluír no PUC/21, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERTIMENTO
CERVO	REM	RENOVACION DE RED DE ABASTECIMIENTO EN LUGAR DE ALLEIRA Y O CAL	1610.76201	14.717,94 €	12.584,00 €	27.301,94 €

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



8.- PROPOSTA, DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN NOS PROXECTOS DOS INVESTIMENTOS DE DIVERSAS OBRAS INCLUIDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN 2021.

Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Quiroga, solicitando modificación do proxecto do investimento incluído no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Quiroga no que solicita a modificación de proxecto de investimento incluído no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12-01-2021.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 30 de novembro de 2021.

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 30/03/2021, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
QUIROGA	252	OBRAS DE MELLORAS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DA RÚA ANXEL FOLE E NO CAMPO DE FUTBOL "SAN MARTÍÑO"	0,00 €	48.387,90 €	48.387,90 €

4. O concello indicado achegou os correspondentes anexos III, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan Único, a declaración responsable coas coordenadas UTM.

5. A Alcaldía do Concello de Quiroga, a través de escrito de data 31/05/2022 solicita:

a) A modificación do proxecto do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2021, concretamente o investimento nº 252 aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... na execución das obras compróbase que é necesario realizar modificación nas unidades de obra pero non comporta ningún cambio no importe da obra...”, polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
QUIROGA	252	MODIFICADO OBRAS DE MELLORAS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DA RÚA ANXEL FOLE E NO CAMPO DE FUTBOL "SAN MARTIÑO"	0,00 €	48.387,90 €	48.387,90 €

6. A base 17, indica que “... se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto de obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente (...) que deberá ser aprobado polo Concello e pola Xunta de Goberno da Deputación. Se o investimento xa esta adxudicado, deberá contar coa conformidade do contratista adxudicatario, así como co informe favorable da Secretaría municipal, e no caso de que exista incremento do seu orzamento, deberá contar tamén cun informe favorable da Intervención do Concello”. Así mesmo tamén sinala “... calquera incremento que se derive de modificación de contrato, ... deberá ser financiado integramente polo Concello, salvo aquelas modificacións, (...) que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno da Deputación”.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían



aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2021, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación do proxecto do investimento relativo ao Concello de Quiroga que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2021”.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Quiroga, e en consecuencia, aprobar a modificación do proxecto do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2021 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
QUIROGA	252	MODIFICADO OBRAS DE MELLORAS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DA RÚA ANXEL FOLE E NO CAMPO DE FUTBOL "SAN MARTIÑO"	0,00 €	48.387,90 €	48.387,90 €

2º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta de aprobación do convenio interadministrativo plurianual de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Foz para a execución das “Obras de humanización das rúas Eduardo Pondal, Salvador de Madariaga, Irmandiños, Curros Enríquez e praza de Galicia”, ano 2022 e 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente de establece o seguinte:

“Asunto: Convenio interadministrativo plurianual de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Foz para a execución das “Obras de humanización das rúas Eduardo Pondal, Salvador de Madariaga, Irmandiños, Curros Enríquez e Praza de Galicia”, ano 2022 e 2023.

Visto o escrito remitido dende o Concello de Foz (EXP-2022/PES_03/010627) no que se solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na execución das “Obras de Humanización das rúas Eduardo Pondal, Salvador de Madariaga, Irmandiños, Curros Enríquez e Praza de Galicia”, por importe total de 767.720,21 € (no ano 2022: 383.860,10€ e no ano 2023: 383.860,11€) dos que 543.699,46 € que serán financiados pola Deputación de Lugo (no ano 2022: 271.849,73 € e no ano 2023: 271.849,73 €) e 224.020,75 € serán financiados polo Concello de Foz (no ano 2022: 112.010,37 € e no ano 2023: 112.010,38 €), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítese informe favorable en base ás seguintes consideracións:

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.



Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre

administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na



súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán ”Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade

orxamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orxamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”.

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do



15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

- “1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
2. O seu impacto económico cuantificado.
3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.
4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”.

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida

nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...”e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segunda.- Pola súa banda, o Municipio de Foz, consonte ao artigo 25 da LRBRL:

“O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: (...) d) en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade. (...)”.

Así mesmo, o artigo 26 da mesma normativa establece a obriga de que todos os Municipios deberán prestar, entre outros, os servizos de pavimentación das vías públicas.

Terceira.- Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa (art 9 da Lei 3/2012 de Galicia).

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

Cuarta.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola



Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...). Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Quinta.- Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Sexta.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 271.849,73 € na aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral .

A deputación adquire o compromiso de incluír no orzamento do ano 2023 a cantidade de 271.849,73 €, tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto, a súa aprobación queda supeditada ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Sétima.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020).

Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente.”

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobado o texto do convenio interadministrativo plurianual de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na execución das “Obras de Humanización das rúas Eduardo Pondal, Salvador de Madariaga, Irmandiños, Curros Enríquez e Praza de Galicia”, por importe total de 767.720,21 € (no ano 2022: 383.860,10€ e no ano 2023: 383.860,11€) dos que 543.699,46 € que serán financiados pola Deputación de Lugo (no ano 2022: 271.849,73 € e no ano 2023: 271.849,73 €) e 224.020,75 € serán financiados polo Concello de Foz (no ano 2022: 112.010,37 € e no ano 2023: 112.010,38 €).

2º.- Aprobado o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 543.699,46 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio dos que 271.849,73 € son financiados con cargo á anualidade 2022, aplicación orzamentaria 9420.76200, e 271.849,73 € financiados con cargo á anualidade 2023.

3º.- Adquirir o compromiso de incluír no orzamento do ano 2023 a cantidade de 271.849,73 € tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto o seu financiamento queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Samos para a execución das “Obras de acceso a núcleos, pavimentación de vías públicas e abastecemento de auga no Concello de Samos”, ano 2022.*



Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente de establece o seguinte:

“Asunto: Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Samos para a execución das “Obras de acceso a núcleos, pavimentación de vías públicas e abastecemento de auga no Concello de Samos”, ano 2022.

Visto o escrito remitido dende o Concello de Samos (EXP-2022/PES_03/011011) no que se solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Samos para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na execución das “Obras de acceso a núcleos, pavimentación de vías públicas e abastecemento de auga no Concello de Samos”, por importe total de 205.729,77€ (que serán financiados pola Deputación de Lugo), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítese informe favorable en base ás seguintes consideracións:

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolto económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se llas encomenden.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de



boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostíbeis, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.



O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.
2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.
(...)"

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

- “1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
2. O seu impacto económico cuantificado.
3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.
4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”.

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...”e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.



Segunda.- Pola súa banda, o Municipio de Samos, consonte ao artigo 25 da LRBRL:

“O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: (...)c) abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais d) en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade. (...)”.

Así mesmo, o artigo 26 da mesma normativa establece a obriga de que todos os Municipios deberán prestar, entre outros, os servizos de alumeadado público, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros e pavimentación das vías públicas.

Terceira.- Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa (art 9 da Lei 3/2012 de Galicia).

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

Cuarta.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e

sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Quinta.- Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Sexta.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 205.729,77 €, na aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

Sétima.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020).

Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente.”

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Samos para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na execución das “Obras de acceso a núcleos, pavimentación de vías públicas e abastecemento de auga no concello de Samos”, por importe total de 205.729,77€.



2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 205.729,77€ para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA RELATIVA Á SOLICITUDE DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) DO USO DE VARIAS PARCELAS PROVINCIAIS PARA A CONSOLIDACIÓN E AMPLIACIÓN DO CAMPUS UNIVERSITARIO DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor.

“Con data do 12 de novembro de 2021 a Universidade de Santiago de Compostela presenta solicitude do uso gratuíto de varias parcelas de titularidade provincial situadas no Concello de Lugo para a ampliación do Campus Universitario de Lugo e que se identifican dentro da parcela número 4B do plan especial do Campus universitario de Lugo.

Con data do 5 de maio de 2022 a Universidade de Santiago de Compostela presenta escrito no que solicita a ampliación do período de cesión gratuíta de uso da parcela provincial número 2 do plan especial do Campus universitario de Lugo que acordou o Pleno Provincial celebrado con 25 de febreiro de 2014 e do período da cesión gratuíta de uso das parcelas provinciais que enumeradas no plan especial do Campus Universitario de Lugo baixo os números 3, 4A, 6A, 6B, 8, 9 e 14 que acordou o Pleno Provincial celebrado o 24 de xuño de 2014, e que en ambos os dous acordos establecerase por un prazo de dezasete anos.

A solicitude de ampliación do período de cesión das parcelas números 2, 3, 4A, 6A, 6B, 8, 9 e 14 do plan especial do Campus Universitario de Lugo propón unha ampliación ata o 31 de decembro de 2060 e que se estableza o mesmo vencemento para a nova solicitude de cesión da antedita parcela número 4B.

A USC xustifica a súa solicitude co seguinte teor A natureza e uso das dotacións construídas sobre as parcelas incluídas nun mesmo ámbito do planeamento, a previsión de consolidar e impulsar as actividades universitarias na cidade de Lugo e a necesidade de planificar e rendibilizar a longo prazo os investimentos no campus aconsellan estender o período de cesión das propiedades indicadas.

Tendo en conta que as parcelas interesadas, constan no certificado de inscrición no Libro Inventario de bens da Deputación de Lugo. no epígrafe 1, número corenta e cinco, folios douscentos corenta e oito ao douscentos cincuenta e tres, no que, entre outro contido, expresa:

Nome: Parcela número catro do Campus Universitario de Lugo

Referencias catastrais:

1º/. 8813713PH1681S0001WG	9º/. 8813740PH1681S0001EG
2º/. 8813714PH1681S0001AG	10º/. 8813741PH1681S0001SG
3º/. 8813716PH1681S0001YG	11º/. 8813722PH1681S0001PG
4º/. 8813717PH1681S0001GG	12º/. 8813723PH1681S0001LG
5º/. 8813718PH1681S0001QG	13º/. 8813724PH1681S0001TG
6º/. 8813719PH1681S0001PG	14º/. 8813725PH1681S0001FG
7º/. 8813721PH1681S0001QG	15º/. 8813726PH1681S0001MG
8º/. 8813739PH1681S0001ZG	16º/. 8813727PH1681S0001OG

Situación: Marxe dereita da Avda. de Madrid (Lugo).

Natureza xurídica: Bens de dominio público

Clase: Urbana

Título: Expediente de expropiación forzosa

Destino: Ampliación do Campus Universitario de Lugo.

Tendo en conta que a Sección de Inventario con data do 08.03.2022 baixo o CSV IV7CYPNFIULLTX6DUXRH7XSEE informa que “Con data do 10.03.2016 procedeuse a solicitar ao Rexistro da Propiedade nº 1 de Lugo a inscrición das leiras que conforman a parcela nº 4 do Campus Universitario de Lugo e que se relación a continuación (...)”, na dita relación se encontran as sinaladas na táboa anterior.



Así mesmo forma parte do expediente o plano parcial das parcelas que enumeradas segundo o plan especial do Campus universitario de Lugo elaborou o Servizo de Medio Ambiente en Febreiro de 2022 e son interesadas no presente procedemento.

Vista que a solicitude formulada pola USC xustifica que as parcelas para as que interesa o uso teñen como obxectivo ampliar o espazo docente co que conta no campus de Lugo dado que o dispoñible non resulta suficiente para trasladar a esta zona universitaria a Facultade de Formación do Profesorado, que actualmente dispón dun inmovble que resulta limitado para acoller esta actividade docente deste centro situado na Avda de Ramón Ferreiro de Lugo.

Con este proxecto se concentra ao máximo a actividade universitaria neste campus lucense e se consolida esta gran área educativa. Define a execución deste proxecto na memoria de actuacións, cun estudo previo de viabilidade e de previsión dos prazos de execución que acompaña coa solicitude.

O Estudo previo de viabilidade detalla en relación coa Normativa urbanística:

Clasificación del suelo: Suelo Urbano Consolidado con Planeamiento Incorporado URPI-3.Campus Universitario Calificación: Equipamiento comunitario Superficie del ámbito: 437.794 m2 Superficie edificable máxima: 314.793 m2	Ordenanza: Equipamiento Zona de equipamiento escolar SG-Sistema General E-64 (78.990 m2)
---	---

A referida finalidade está vinculada e é inherente á prestación do servizo público da educación superior universitaria polo que non se produce unha mutación do destino que xustificou a súa adquisición por esta entidade provincial, en virtude do exercicio da potestade expropiatoria, para a afectación ao servizo público da educación e en particular ao destino ampliación do Campus Universitario de Lugo contido da antedita certificación de inscrición no Libro do Inventario provincial.

Tendo en conta os antecedentes de cooperación, fomento e impulso desta Deputación de Lugo na ampliación e mellora do campus universitario da USC en Lugo nos seguintes acordos do Pleno Provincial:

Na sesión celebrada o 28 de marzo de 1983 baixo o epígrafe “Moción de la Presidencia proponiendo la adopción de diversos acuerdos, en consecuencia de haberse fijado por la Junta de Gobierno de la Universidad de Santiago de Compostela, la sede de la Facultad de Veterinarios de Galicia en Lugo” polo que se acordou a cesión á Universidade de Santiago de Compostela o novo edificio do Colexio Universitario - situado na parcela nº 9 do plan especial do Campus Universitario de Lugo - para que nel poda ser ubicada a Facultade de Veterinaria.

Na sesión celebrada o 25 de febreiro de 2014, o acordo baixo o epígrafe “Cesión gratuíta de uso de parte da parcela 2 do Campus Universitario de Lugo, así como os dous edificios que conforman a Facultade de Veterinaria, ubicados en dita parcela, á Universidade de Santiago de Compostela” inclúe a cesión gratuíta do uso de parcelas provinciais de natureza xurídica patrimonial e por un prazo de 17 anos.

Na sesión celebrada o 24 de xuño de 2014, o acordo baixo o epígrafe “Cesión de uso de parcelas do campus Universitario de Lugo, delimitadas nos plano xerais cos números 3, 4ª, 6, 6B, 8,9 e 14”, inclúe a cesión gratuíta do uso de parcelas provinciais de natureza xurídica patrimonial e por un prazo de 17 anos.

Baixo o CSV IV7D4IKDP4ZJLKMYWYQDKB2PII o día 08 de xuño de 2022 a Secretaría Xeral Sección de Patrimonio, estima que o presente procedemento para o outorgamento dunha concesión demanial do uso gratuíta das parcelas provinciais a favor da USC destinadas á unha finalidade pública, e as súas cláusulas reitoras, incorporadas no Anexo I, adecúase á lexislación vixente e en particular atende, entre outra ás seguintes consideracións:

Necesidade de título habilitante para a ocupación das parcelas provinciais interesadas, que están cualificadas de dominio público, cuxo uso se identifica co uso privativo porque a ocupación do dominio público que pretende a USC limita ou exclúe a utilización doutros interesados, este uso privativo queda amparado baixo a correspondente concesión administrativa. Non obstante, subliñase que a pretendida concesión administrativa de dominio público non implica cesión do mesmo nin das facultades dominicais desta Deputación Provincial; que se outorgaría sen prexuízo de terceiro e deixando a salvo os dereitos preexistentes; con suxeición á normativa de aplicación e a o disposto no acordo que se asine ao efecto e incorporado no Anexo I.



Na determinación do prazo encontra un límite máximo de 75 anos contido na Lei 33/2003 LPAP que no seu articulado básico do punto 3 do artigo 93 Non obstante, para o cómputo deste prazo máximo de 75 anos, contarase como data de inicio a data do antedito acordo do Pleno Provincial celebrado o 28 de marzo de 1983 que acordou a cesión á Universidade de Santiago de Compostela o novo edificio do Colexio Universitario- situado na parcela nº 9 do plan especial do Campus Universitario de Lugo - para que nel poda ser ubicada a Facultade de Veterinaria, vencendo no seu caso o 28.03.2058.

As concesión de uso privativo poderá ser gratúitas e non estará suxeita a taxa cando a utilización privativa do ben de dominio público no leve aparellada unha utilidade económica para o concesionario. Polo tanto pódese aplicar a gratuidade ao presente procedemento.

O presente procedemento foi iniciado a instancia de USC que ten a condición de administración publica polo que queda incluída no suposto excepcional de outorgamento directo da concesión demanial de uso gratuíto a favor doutra administración pública. Unha vez outorgada a concesión formalizarase en documento administrativo que será título suficiente para inscribir a concesión no Rexistro da Propiedade. Non obstante, poderá elevarse a escritura pública a petición do concesionario e a súa costa.

Esixencia da constitución dunha garantía definitiva, requisito do artigo 90 do Regulamento de Bens das Entidades Locais do seguinte teor: “1. La garantía definitiva que habrá de constituir el adjudicatario de la concesión, dentro del plazo de los quince días siguientes a la notificación, consistirá en el 3 por 100 del valor del dominio publico ocupado y, en su caso, del presupuesto de las obras que hayan de ejecutar. 2. La garantía se devolverá al concesionario, si hubiere de realizar obras revertibles a la entidad local, cuando acreditare tenerlas efectuadas por valor equivalente a la tercera parte de las comprendidas en la concesión”.

Atendendo aos valores catastrais dos inmobles obxecto desta concesión pódese determinar que a contía da garantía definitiva sería de 7.284,73 € sobre un valor catastral de 242.824,36 € segundo os datos expostos en relación as parcelas interesadas pola USC.

Así mesmo establece como contido das disposicións reguladoras da presente concesión demanial as incorporadas no anexo I.

Forma parte do expediente o informe da Intervención Provincial do 9 de xuño de 2022 baixo o CSV IV7D4P7CZMG75VGKUEQHMBZVB4 que conclúe que non presenta inconveniente a tramitación do expediente de cesión de uso gratuíto de varias parcelas provinciais a favor da Universidade de Santiago de Compostela para a consolidación e ampliación do Campus Universitario de Lugo.

Polo exposto proponse á Xunta de Goberno por delegación do seu Presidente segundo o teor do artigo 59.b) 11 do Regulamento Orgánico desta Deputación Provincial:

1º.- Aprobar a concesión demanial gratuíta do uso das parcelas provinciais a favor da Universidade de Santiago de Compostela destinadas a ampliación do Campus Universitario de Lugo á finalidade da educación superior ata o 28.03.2058 e que se identifican baixo os números de referencia catastral seguintes:

1º/. 8813713PH1681S0001WG	9º/. 8813740PH1681S0001EG
2º/. 8813714PH1681S0001AG	10º/. 8813741PH1681S0001SG
3º/. 8813716PH1681S0001YG	11º/. 8813722PH1681S0001PG
4º/. 8813717PH1681S0001GG	12º/. 8813723PH1681S0001LG
5º/. 8813718PH1681S0001QG	13º/. 8813724PH1681S0001TG
6º/. 8813719PH1681S0001PG	14º/. 8813725PH1681S0001FG
7º/. 8813721PH1681S0001QG	15º/. 8813726PH1681S0001MG
8º/. 8813739PH1681S0001ZG	16º/. 8813727PH1681S0001OG

2º.- Ao obxecto de regularizar as datas de finalización de cesión de todas as parcelas, dada a distinta calificación xurídica das mesmas, elevar ao Pleno a aprobación de cesión das parcelas nº 2, 3, 4A, 6A, 6B, 8, 9 e 14 do Plan Especial do Campus Universitario de Lugo.

3º.- Aprobar o texto do Acordo no que se incorporan as anteditas disposicións reguladoras da presente concesión demanial de uso.



4º.- Formalizar a presente concesión demanial mediante a sinatura do referido acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE AMPLIACIÓN DO PRAZO DOS PREMIOS TURISMO 2022.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto o Informe do Servizo de Turismo no que pon de manifesto a necesidade de ampliar o prazo de presentación de candidaturas dos premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense”, “Premio Turismo Sostible” e “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense”.

Visto o informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría Xeral.

Visto o informe de Intervención.

Tendo en conta os antecedentes expostos, a Deputada Delegada que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a modificación das bases publicadas no BOP do 31 de marzo de 2022, e concretamente da modificación da base sétima, no seguinte senso:

Onde consta:

"As solicitudes dirixíranse á Presidencia da Deputación de Lugo e presentaríanse de xeito telemático a través da Sede Electrónica da Deputación de Lugo ou a través dos rexistros e oficinas indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas nun prazo de setenta e cinco días naturais a contar dende o día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. (...)"

Debe constar:

"As solicitudes dirixíranse á Presidencia da Deputación de Lugo e presentaranse de xeito telemático a través da Sede Electrónica da Deputación de Lugo ou a través dos rexistros e oficinas indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas no prazo a contar dende o día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e ata o 30 de xuño de 2022. (...)".

2º.- Aprobar a publicación da citada modificación no Boletín Oficial da Provincia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, E PUBLICACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA PARA A INSCRICIÓN, ADMISIÓN E SELECCIÓN DOS OBRADOIROS ARTESÁNS DA PROVINCIA DE LUGO INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA, PARA PARTICIPAR NA MOSTRA DE ARTESANÍA “ARTESANFROILÁN 2022” DA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DISEÑO E MEMORIA HISTÓRICA.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Visto o informe do Xefe de Unidade I do Centro de Artesanía e Deseño, o cal di:

Que a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica a través do Centro de Artesanía e Deseño, ten entre as súas competencias as de contribuír á difusión, promoción e coñecemento da artesanía en todas as súas vertentes e á realización de actividades, accións e desenvolvemento de iniciativas de difusión e extensión á sociedade de todas aquelas manifestacións e creacións que engloba dito concepto de “artesanía”, entendido como accións inseridas dentro da bagaxe cultural dun pobo e da súa cultura tradicional, nas súas diferentes perspectivas e interpretacións, vinculadas ao devir histórico do pobo galego na súa caracterización pasada e na súa aposta de futuro e que forman parte do noso patrimonio cultural.



En relación con todo elo, o Centro de Artesanía e Deseño ten consolidada a organización dunha mostra de artesanía que dá resposta a dito compromiso de promoción da artesanía e que se ven celebrando durante máis de vinte anos ininterrumpidamente, polo cal dende este Centro continúaase coa vontade de continuar coa organización da devandita mostra no ano en curso.

De acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na vixente redacción).

Asemade, salientar a regulación recollida no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, en canto determina aqueles supostos que non consideran como o exercicio de novas competencias, precisando entre outros a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, etc.

Esta mesma Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no art. 118, sobre o fomento e administración dos intereses peculiares da Provincia, sinala que corresponde a Provincia rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos e, en especial, a organización de concursos e exposicións e de calquera actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Polo anteriormente exposto considero procedente a aprobación das:

Bases e os seus Anexos que teñen como obxecto regular e establecer as condicións para a inscrición, admisión e selección dos obradoiros artesáns da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, para participar na mostra de artesanía “Artesanfroilán 2022”, da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica.

Aprobar o gasto estimado de 20.000,00 € para a celebración de dita mostra “Artesanfroilán 2022”.

Polo cal, propono á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar as bases e os seus Anexos, que teñen como obxecto establecer as condicións para a inscrición, admisión e selección dos obradoiros artesáns da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, para participar na mostra de artesanía “Artesanfroilán 2022” da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica.

2º.- Aprobar o gasto estimado de 20.000,00 € para a celebración da mostra Artesanfroilán 2022.

3º.- Aprobar a non aplicación de prezos públicos dadas as consecuencias excepcionais e así paliar os efectos da crise sanitaria do Covid-19 no Sector.

4º.- Ordenar a publicación das bases e os seus Anexos no Boletín Oficial da Provincia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, E PUBLICACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA PARA A INSCRICIÓN, ADMISIÓN E SELECCIÓN DOS OBRADOIROS ARTESÁNS DA PROVINCIA DE LUGO INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA E OBRADOIROS DE ALIMENTACIÓN DA



PROVINCIA DE LUGO, PARA PARTICIPAR NO MERCADO DE NADAL 2022 DA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DISEÑO E MEMORIA HISTÓRICA.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Visto o informe do Xefe de Unidade I do Centro de Artesanía e Deseño, o cal di:

Que a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica a través do Centro de Artesanía e Deseño, ten entre as súas competencias as de contribuír á difusión, promoción e coñecemento da artesanía en todas as súas vertentes e á realización de actividades, accións e desenvolvemento de iniciativas de difusión e extensión á sociedade de todas aquelas manifestacións e creacións que engloba dito concepto de “artesanía”, entendido como accións inseridas dentro da bagaxe cultural dun pobo e da súa cultura tradicional, nas súas diferentes perspectivas e interpretacións, vinculadas ao devir histórico do pobo galego na súa caracterización pasada e na súa aposta de futuro e que forman parte do noso patrimonio cultural.

En relación con todo elo, o Centro de Artesanía e Deseño ten consolidada a organización dun Mercado de Nadal que da resposta a dito compromiso de promoción da artesanía e que se ven celebrando dende hai anos ininterrumpidamente, polo cal dende este Centro continúaase coa vontade de seguir coa organización do devandito mercado no ano en curso.

De acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na vixente redacción).

Asemade, salientar a regulación recollida no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, en canto determina aqueles supostos que non consideran como o exercicio de novas competencias, precisando entre outros a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, etc.

Esta mesma Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia , no art. 118, sobre o fomento e administración dos intereses peculiares da Provincia, sinala que corresponde a Provincia rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos e, en especial, a organización de concursos e exposicións e de calquera actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Polo anteriormente exposto considero procedente a aprobación das:

Bases e anexos da convocatoria para a inscrición, admisión e selección dos obradoiros artesanís da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia e obradoiros de alimentación da provincia de Lugo, para participar no Mercado de Nadal 2022.

Aprobar o gasto estimado de 20.000,00 € para a celebración de dito “Mercado de Nadal 2022”.

Polo cal, propono á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar as bases e os seus Anexos, que teñen como obxecto establecer as condicións de participación dos obradoiros artesanís da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia e obradoiros de alimentación da provincia de Lugo no Mercado de Nadal 2022 organizado pola Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo.

2º.- Aprobar o gasto de 20.000,00 € para a celebración do Mercado de Nadal 2022.



3º.- Aprobar a non aplicación de prezos públicos, e o acceso de balde a participar no Mercado de Nadal 2022 aos obradoiros artesanás da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia e obradoiros de alimentación seleccionados, dadas as circunstancias excepcionais e para paliar os efectos da crise sanitaria do Covid-19 no Sector.

4º.- Ordenar a publicación das bases e anexos da convocatoria para a inscrición, admisión e selección dos obradoiros artesanás da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia e obradoiros de alimentación da provincia de Lugo, para participar no Mercado de Nadal 2022, da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo no Boletín Oficial da Provincia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE, ANTE O MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO, DAS SUBVENCIONS PARA O FINANCIAMENTO DE PROXECTOS INNOVADORES PARA A TRANSFORMACIÓN TERRITORIAL E A LOITA CONTRA O DESPOBOAMENTO.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 4.12.2021 o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, publica no BOE a Orde TED/1358/2021, do 1 de decembro, pola que establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para o financiamento de proxectos innovadores para a transformación territorial e a loita contra o despoboamento.

Á súa vez, con data 4.05.2022, publican no BOE o Extracto da Orde do 25 de marzo de 2022, pola que se convocan Subvencións para o financiamento de proxectos promovidos polas entidades locais para a innovación territorial e a reactivación da actividade socioeconómica e a loita contra o despoboamento durante o exercicio 2022.

De acordo coa Orde reguladora estas subvencións están destinadas ao financiamento de proxectos innovadores para a transformación territorial, que desde unha dimensión económica,

social, ambiental e de xénero propicien a reactivación social e económica de zonas con problemas de despoboamento e revaloricen o espazo rural.

As axudas destinaranse a financiar proxectos innovadores de carácter singular e demostrativo, que teñan como finalidade a loita contra o despoboamento, o desenvolvemento sustentable e a transición ecolóxica.

Contemplan tres modalidades, axustándose a modalidade A a proxectos institucionais promovidos por entidades locais, que teñan como finalidade fomentar a creación e o desenvolvemento de ecosistemas de intelixencia e innovación territorial ou o apoio a proxectos tractores que reactiven a actividade socioeconómica coa finalidade de afrontar o reto demográfico e a loita contra o despoboamento.

Os proxectos poderán desenvolverse nun ou varios municipios, sendo elixibles tanto os municipios cunha poboación igual ou inferior aos 5.000 habitantes, como aqueles municipios de máis de 5.000 habitantes, a condición de que as actuacións desenvólvanse en entidades locais menores cunha poboación inferior aos 5.000 habitantes.

Os proxectos poderán presentarse tanto para un municipio como para un conxunto de municipios, a condición de que sexan elixibles de acordo cos criterios anteriormente expostos.

As subvencións concederanse baixo o réxime de concorrencia competitiva.

E, entre outros beneficiarios, o artigo 3.1^a). 1º establece que poderán selo na modalidade A os proxectos promovidos polas deputacións provinciais.

O artigo 4 determina que cada beneficiario poderá presentar a súa solicitude nun único proxecto e o importe total solicitado non poderá superar o 5% do crédito dispoñible para a modalidade A.

No artigo 4 do extracto da convocatoria establece un importa máximo total da convocatoria de 10.315.000,00 euros. Aplicando o 5% o importe máximo que permiten solicitar é de 515.750,00 euros. Nembargantes, no catálogo de preguntas frecuentes do Ministerio establece para a modalidade A un importe mínimo de 25.000€ e un máximo de 500.000€.

E as axudas concedidas non poderán superar o 90% do total do gasto subvencionable. O beneficiario cofinanciará a porcentaxe restante.

Segundo consulta realizada a través de correo electrónico ante o MITECO estas axudas non están cofinanciadas por fondos europeos.

O artigo 5 relaciona os gastos subvencionables, a modo resumo: gastos de persoal (limitados ao importe das retribucións fixadas para os correspondentes grupos profesionais no



convenio colectivo único vixente para o persoal laboral da Administración Xeral do Estado), gastos de viaxe e manutención, gastos en actividades e gastos de revisión da conta xustificativa.

Na partida gastos de persoal poderanse incluír os gastos derivados do pago das retribucións ao persoal vinculado ao programa, así como os importes abonados ao persoal alleo ao beneficiario con contrato de arrendamento de servizos ou que realice unha colaboración esporádica. As retribucións abonadas ao persoal adscrito ao cumprimento do programa subvencionado unicamente poderán ser obxecto de subvención até o importe das retribucións fixadas para os correspondentes grupos profesionais no Convenio Colectivo Único vixente para o persoal laboral da Administración Xeral do Estado, ata o importe efectivamente abonado, de ser inferior ao anterior. Con igual límite poderanse sufragar as bolsas asociadas ao proxecto, sendo imputables as horas de dedicación exclusiva ao mesmo. Serán subvencionables os gastos de liquidación e indemnización do persoal contratado especificamente para cada proxecto e polo período de duración do mesmo.

O catálogo de preguntas frecuentes publicado polo Ministerio aclara que en relación cos gastos de persoal, neste concepto inclúense os gastos-xa sexa mediante nómina ou factura- que orixine o persoal do programa. Iso inclúe seguridade social. No caso da retención, tería que detraerse o importe da retención do custo total.

No que respecta ao prazo de execución aclara que é até o 31 de decembro de 2024, aínda que só serán financiáveis os gastos contraídos desde o 1 de xaneiro de 2022 até o 30 de xuño de 2024. É dicir, os beneficiarios dispoñen dun prazo adicional se fose necesario para a execución do Proxecto- de xullo a decembro-, pero non se poderán contraer gastos subvencionables

O prazo de presentación de solicitudes é de 30 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto no BOE, é dicir, a contar desde o 5 de maio de 2022.

Xunto coa solicitude, deberá aportarse unha memoria descritiva das actuacións a acometer segundo modelo fixado na convocatoria.

Segundo.- Coa finalidade de abordar a recuperación socioeconómica fronte á crise, esta Deputación deseñou a súa propia folla de ruta para os próximos anos, denominada Plan de propostas de acción para la provincia de Lugo a través del Fondo de Recuperación Europeo (Next Generation EU). Este documento, no cal se define a estratexia a seguir na provincia de Lugo a medio e longo prazo, está totalmente aliñado cos obxectivos que persegue o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia aprobado polo Consello de Ministros do Goberno de España o 27 de abril de 2021 para a súa remisión á Comisión Europea, así como tamén coas recomendacións do

Semestre Europeo para o noso país e cos obxectivos principais da nova Política de Cohesión para 2021-2027 que impulsarán os investimentos da UE durante este período. Comprende todas as actuacións que a Deputación de Lugo pretende financiar con cargo ao Fondo de Recuperación Europeo e tamén co novo Marco Financeiro Plurianual 2021-2027. Para o seu desenvolvemento tívose en conta as particularidades da provincia de Lugo e o papel de liderado e cooperación cos municipios que esta Deputación quere seguir desempeñando. Establécense 6 propostas claves de actuación, cada unha delas aliñada cos eixos transversais, políticas panca e compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e tamén cos obxectivos da AUE, que a modo de resumo serían as seguintes:

Proposta 1: Plan de reactivación do emprego, da actividade económica e de recuperación de parques empresariais, especialmente dirixido a pemes e autónomos.

Reto a abordar: Recuperación do tecido empresarial provincial afectado pola crise e impulso de novos modelos produtivos sobre todo no sector primario, a través da xeración de valor engadido, da diversificación e da comercialización de produtos de proximidade en distintos mercados e da mellora dos servizos e infraestruturas existentes nos parques empresariais de titularidade provincial.

Impacto esperado: Preservar o equilibrio territorial, favorecer a actividade económica, fixar poboación, favorecer a substitución xeracional, e impulsar un territorio rural intelixente.

Proposta 2: Plan de dixitalización a través de infraestruturas tecnolóxicas avanzadas, especialmente no medio rural.

A. Retos a abordar: Minimizar as zonas de sombra existentes e mellorar a accesibilidade en materia de comunicacións na provincia, para potenciar o emprego no medio rural; garantir a universalidade de acceso a calquera servizo público dixital e a redución de custos na xestión eficiente das infraestruturas e servizos municipais, mediante o despregamento dunha rede troncal Wi-Fi de comunicacións de ámbito municipal, multifuncional, aberta e pública que permita ofrecer servizos públicos dixitais, sen custos asociados.

B. Impacto esperado: Redución da fenda dixital e impulso da transición dixital do medio rural, garantindo a accesibilidade no conxunto da poboación e colaborando coa dixitalización das pemes e a capacitación dixital da poboación. Redución das desigualdades, logrando un crecemento máis xusto e inclusivo.



Proposta 3: Plan integral de promoción turística e de mobilidade sustentable no territorio.

A. Retos a abordar: Mellorar o trazado e o firme dos máis de 4.000 quilómetros de rede viaria de titularidade provincial que garanta o acceso rápido ás vías de alta capacidade, empregando para iso tecnoloxías limpas e enerxías renovables que permitan implantar pavimentos verdes que preserven o medio ambiente e reduzan as emisións de CO₂ do transporte; promover o turismo de mobilidade sustentable e incluso vinculado á paisaxe, a gastronomía e a cultura, mediante a creación de senllas verdes e vías ciclables próximas ás vías provinciais con materiais de baixo impacto ambiental así como tamén a difusión e comercialización dos elementos singulares do patrimonio provincial con elevado potencial turístico, incrementando así as estancias media dos turistas da provincia.

B. Impacto esperado: Conseguir reflotar o sector turístico, logrando un turismo de calidade, comprometido coa natureza, sustentable e vinculado á paisaxe, á gastronomía e á cultura. Mellorar as comunicacións de toda a rede viaria de titularidade provincial empregando materiais respectuosos co medio ambiente, que favorezan a mobilidade sustentable.

Proposta 4: Plan de saneamento colectivo en núcleos de poboación do territorio que carezan de infraestruturas básicas.

A. Retos a abordar: Garantir o dereito humano a un saneamento que sexa suficiente, saudable e seguro para o uso persoal, aceptable, accesible, alcanzable e que garanta a igualdade e a equidade; creación de estacións depuradoras de augas residuais e redes de saneamento parroquiais. e dotación de servizos da auga en comunidades rurais.

B. Impacto esperado: Cubrir necesidades básicas e garantir sistemas saudables e seguros para a cidadanía que sexan medioambientalmente sustentables.

Proposta 5: Protección, recuperación, rexeneración e aproveitamento sustentable dos recursos naturais singulares.

A. Retos a abordar: Recuperación e posta en valor do patrimonio provincial mediante investimentos destinados ao mantemento, restauración, mellora e posta en valor do patrimonio rural no seu sentido máis amplo (recursos naturais, etnográficos, paisaxísticos, culturais e histórico-artísticos), incluíndo bens tanxibles (mobles e inmobles) e intangibles, e demais actuacións que se consideren imprescindibles para executar o investimento principal (estudos e proxectos);

implantación de enerxías limpas nos procesos produtivos e impulso da economía circular mediante a colaboración público-privada no medio rural que contribúa á transición ecolóxica e á xeración de emprego de calidade

B. Impacto esperado: A recuperación do patrimonio rural actúa como motor económico e social, favorecendo o seu uso para iniciativas sociais e turísticas enfocadas á innovación e o emprego. A economía circular contribúe a que o valor dos produtos e compoñentes mantéñase o maior tempo posible creando valor.

Proposta 6: Programa de apoio e complemento aos servizos públicos e privados sociosanitarios de proximidade existentes no territorio.

A. Reto a abordar Impulsar un servizo público de atención á 3ª idade que pon ás persoas no centro, e non busca negocio, mediante fogares-residencia de proximidade e pequeno tamaño situadas no rural, priorizando a atención ás persoas maiores para que manteñan o arraigamento coa súa contorna e impúlsese a dinamización económica e social de áreas rurais sometidas a despoboamento, o que contribúe a manter e fixar poboación, estimulando a actividade económica. A de Lugo é a 3ª provincia máis envellecida de España e por iso a Deputación de Lugo impulsou unha rede de centros de atención a maiores nalgúns dos pequenos municipios da provincia que xestiona con medios propios.

B. Impacto esperado: Fixación da poboación no territorio, fomento do comercio de proximidade, mellora das condicións de vida dos maiores, formación específica dos profesionais que están ao coidado dos maiores, implantación de novas tecnoloxías no coidado dos maiores e daquelas que favorezan o seu envellecemento activo.

Terceiro.- A provincia de Lugo é unha fonte de riqueza natural, patrimonial, paisaxística e cultural de primeira orde, que nas últimas décadas viuse na obrigação de facer fronte á dispersión e ao envellecemento da poboación como consecuencia dunha configuración territorial na que a maior parte dos nosos municipios teñen menos de 5.000 habitantes.

Tendo en conta esta realidade, a Deputación de Lugo é un instrumento fundamental para favorecer o desenvolvemento social e económico do territorio dunha maneira equilibrada, e ten capacidade de liderar proxectos en colaboración cos 67 concellos da provincia.



Considerando as competencias atribuídas ás deputacións polo artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local entre as que destaca a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación do territorio provincial.

Non se trata de axudas cofinanciadas por fondos europeos mais tendo en conta o Plan de propostas de acción para a provincia de Lugo a través do fondo de recuperación europeo (NextGeneration EU) elaborado pola Deputación de Lugo, que formula liñas estratéxicas e aborda retos claramente relacionados co obxecto das subvencións obxecto do presente informe: a transformación territorial e a loita contra o despoboamento provincial, entendemos necesario e sobradamente xustificada a súa solicitude.

No conxunto do medio rural provincial, hai unha brecha grande de servizos con respecto ao medio urbano, sobre todo nas zonas de montaña máis despoboadas. Falta de servizos públicos próximos aos domicilios e falta de transporte público adecuado. Xunto a iso o envellecemento da poboación rural, e, sobre todo, a falta de oportunidades económicas e emprego para os máis novos, poñendo en compromiso a substitución xeracional, e o futuro de moitos pobos. Trátase de preservar o equilibrio territorial na distribución xeográfica dos servizos esenciais (vivenda, traballo, servizos esenciais, comercio, lecer, etc) evitando así o fluxo de poboación desde os municipios máis pequenos ás cabeceiras de comarca,

O acceso as subvencións convocadas polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico permitirá á Deputación de Lugo conformar tres oficinas provinciais contra o despoboamento xestionadas por tres (3) traballadores- un por oficina-, cunha sé virtual e con sé física en tres concellos da provincia especialmente afectados polo envellecemento poboacional (O Valadouro, Xermade e A Fonsagrada).

Formúlase un proxecto nomeado: “E para vivir, Lugo”, a executar en 19 meses (desde decembro do 2022 ate xuño do 2024). As oficinas, respaldadas polos Servizos centrais da Deputación, prestarán de balde asesoramento e soporte a proxectos tractores que reactiven a actividade socioeconómica e fomenten a creación e desenvolvemento de ecosistemas de intelixencia e innovación territorial.

En cooperación cos respectivos concellos as oficinas servirán de punto de apoio local para a atracción de novos poboadores, servirán de acollida e integración da poboación inmigrante e realizarán actuacións dirixidas á integración en ecosistemas innovadores e ao desenvolvemento económico endógeno.

Polas propias características do servizo a prestar as oficinas deberán contar con persoal polivalente con coñecementos e experiencia en materia de desenvolvemento local e dinamización demográfica: xestión ante as administracións públicas, desenvolvemento de programas de intervención social e de acollemento á poboación migrante, asesoramento laboral, asesoramento en emprendemento e políticas sociais entre outros aspectos.

Ao tratarse de axudas non financiadas con fondos europeos non cabe a subscripción dos contratos de duración determinada contemplados no Disposición adicional quinta do Real decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado do traballo.

De resultar beneficiarios da subvención e en función da resolución definitiva, dos prazos establecidos na mesma e da súa contía, determinarase se a Deputación conta con persoal axeitado e suficiente para dar cobertura ás oficinas ou cómpre o nomeamento de funcionarios interinos para a execución do presente proxecto.

Respecto do órgano competente, o Regulamento Orgánico desta Deputación Provincial, publicado no BOP de Lugo Núm. 202 de data 3 de setembro de 2020, establece no seu artigo 59 que lle corresponde á Xunta de Goberno as seguintes atribucións, entre outras, delegadas do Presidente e do Pleno:

(...) 17. Solicitud de subvencións a organismos oficiais e privados cando a devandita competencia non sexa atribución do presidente/ a.(...)”

Vense considerando que a Xunta de Goberno é a competente tanto en materia de contratación, como de subvencións e convenios cando o seu importe supera o dos contratos menores.

Polo tanto, neste caso a competencia para presentar a solicitude de subvención corresponde á Xunta de Goberno.

Polo anteriormente exposto e á vista dos informes emitidos polos respectivos Servizos desta Entidade, este Área propón á Xunta de Goberno que se adopten os seguintes acordos:

1º.- Tramitar electronicamente, ante o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a solicitude de subvencións para o financiamento de proxectos promovidos polas entidades locais para a innovación territorial e a reactivación da actividade socioeconómica e a loita



contra o despoboamento durante o exercicio 2022. Facúltase para a realizar este trámite tanto á Sección de Innovación e Participación Cidadá como á Sección de Promoción Económica e Emprego co obxecto de que presenten na sede electrónica correspondente toda a documentación esixida polas bases da convocatoria de axudas.

2º.- Aprobar o orzamento total das actuacións do proxecto, por un importe total de 555.555,00 euros.

3º.- Aprobar, así mesmo, a disposición de financiamento deste Organismo Provincial e, en consecuencia ao orzamento ao que se fai mención no punto anterior, para custear a parte non subvencionada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

APORTACIÓN MINISTERIO (90%)	APORTACIÓN DEPUTACIÓN DE LUGO (10%)	ORZAMENTO TOTAL DAS ACTUACIONES
500.000,00	55.555,00	555.555,00

No caso de resultar beneficiaria da axuda, a Deputación de Lugo asume o compromiso de cofinanciar con fondos propios a parte non subvencionada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico que será o 10% do custo do orzamento subvencionable e como máximo ascenderá a 55.555,00 euros a executar en tres anualidades segundo o seguinte reparto:

ANUALIDADE	IMPORTE
2022	2.924,00 €
2023	35.086,00 €
2024	17.545,00 €
TOTAL	55.555,00 €

Este reparto está condicionado pola data da Resolución favorable da axuda.

A consignación orzamentaria para a anualidade 2022 realizarase no momento de aceptación da resolución favorable da axuda que se conceda, e para a anualidade 2023 e 2024, deberá adoptarse o compromiso de incluír, nos orzamentos xerais desas anualidades, os importes correspondentes nas aplicacións orzamentarias segundo a natureza das actividades a realizar, quedando supeditados á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, no suposto de concesión do proxecto.

No caso de que esta Deputación resulte beneficiaria da devandita axuda a execución do proxecto se realizará a través da Sección de Promoción Económica e Emprego coa asistencia da Sección de Innovación e Participación Cidadá.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA DUNHA ENTIDADE A PARTICIPAR NO PROGRAMA “COÑECE A TÚA PROVINCIA”.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto o escrito presentado por D. Esteban Pastrana Nuñez con DNI ***7820**, en representación da entidade C.I.T. Club Fluvial de Begonte con NIF V27030840 en data 02/06/2022 e con nº de rexistro de entrada 2022RT008402 no que renuncia á participación no Programa Coñece a túa Provincia.

Vistas as bases da convocatoria do Programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2022), aprobadas en Xunta de Goberno de data 30 de decembro de 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o 17 de xaneiro de 2022.

Visto o acordo de Xunta de Goberno de data 11 de febreiro de 2022 polo que se aproba a listaxe de entidades para a participación no Programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2022) e publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 12 de febreiro de 2022.

Visto o informe do Servizo de Turismo.

A Deputada- Delegada que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:



1º.- Aprobar a renuncia do C.I.T. Club Fluvial de Begonte con NIF V27030840 para a participación no Programa Coñece a túa provincia (anualidade 2022) e a perda do dereito desta entidade a participar na seguinte edición do programa atendendo ao sinalado na base 9.8 da Convocatoria.

2º.- Recurrir á lista de entidades admitidas para asignar as prazas concedidas a esta asociación, no momento en que exista dispoñibilidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PREZO PÚBLICO DO LIBRO “FOTOGRAFÍA MATEMÁTICA NO IES ENRIQUE MURUAIS DA PONTENOVA (LUGO)”.

Visto o acordo do Pleno desta Excma. Deputación Provincial, de data 30 de novembro de 1992 e vistos os informes emitidos polo Servizo de Publicacións e por Intervención, ao respecto do establecemento da tarifa do prezo público do libro titulado “Fotografía matemática no IES Enrique Muruais da Pontenova (Lugo)”;

a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Establecer a tarifa do prezo público do libro anteriormente mencionado, do que son coordinadores dona Sabela Núñez Singala e don Rubén Sanjurjo Muíña, na cantidade de vinte e tres euros (23,00€) de cuxo importe corresponde a esta Excma. Deputación Provincial a cantidade de vinte e dous euros con doce céntimos (22,12€) por exemplar vendido directamente. Para a distribución concertada aplicárase un desconto do trinta por cento (30%).

17.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PREZO PÚBLICO DO LIBRO “AUT OPRESSI SERVIUNT. LA INTERVENCIÓN DE ROMA EN LAS COMUNIDADES INDÍGENAS”.

Visto o acordo do Pleno desta Excma. Deputación Provincial, de data 30 de novembro de 1992 e vistos os informes emitidos polo Servizo de Publicacións e por Intervención, ao respecto do

establecemento da tarifa do prezo público do libro titulado “*Aut oppressi serviunt. La intervención de Roma en las comunidades indígenas*”; a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Establecer a tarifa do prezo público do libro anteriormente mencionado, do que son coordinadores dona María Dolores Dopico Caínzos e don Manuel Villanueva Acuña, na cantidade de catorce euros (30,00€) de cuxo importe corresponde a esta Excma. Deputación Provincial a cantidade de vinte e oito euros con oitenta e cinco céntimos (28,85€) por exemplar vendido directamente. Para a distribución concertada aplicarase un desconto do trinta por cento (30%).

18.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PREZO PÚBLICO DO LIBRO “PRÁCTICAS E INNOVACIÓNS PEDAGÓXICAS NO CONTEXTO RURAL GALEGO: AS “ESCOLAS AGRÍCOLAS” (ANOS 50-60 DO S. XX) COMO EXPRESIÓN DA ESCOLA NOVA”.

Visto o acordo do Pleno desta Excma. Deputación Provincial, de data 30 de novembro de 1992 e vistos os informes emitidos polo Servizo de Publicacións e por Intervención, ao respecto do establecemento da tarifa do prezo público do libro titulado “*Prácticas e innovaciones pedagógicas no contexto rural galego: As “Escuelas Agrícolas” (años 50-60 do S. XX) como expresión da Escuela Nova*”; a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Establecer a tarifa do prezo público do libro anteriormente mencionado, do que é autor don Xoel Gutierrez Roca, na cantidade de catorce euros (10,00€) de cuxo importe corresponde a esta Excma. Deputación Provincial a cantidade de nove euros con sesenta e dous céntimos (9,62€) por exemplar vendido directamente. Para a distribución concertada aplicarase un desconto do trinta por cento (30%).

19.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Conta e cumprimento Decreto de data 21 de abril de 2021 ditado polo Xulgado de 1ª Instancia nº2 de Lugo no Procedemento: Peza de Taxación de Custas 1929/2019 0001.



Dase conta do decreto de data 21 de abril de 2021 ditado polo Xulgado de 1ª Instancia nº 2 de Lugo no Procedemento Peza de Tasación de Custas 1929/2019 0001, seguido a instancia de Administración Concursal A Cheda Inversions, S.L. fronte a Deputación e en cuxa parte dispositiva di o seguinte: “*Aprobar la tasación de costas practicada en este proceso en fecha 7 de octubre, por importe de 1.806,53 a cuyo pago ha sido condenada la parte Diputación Provincial de Lugo.*” A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade, dar cumprimento ó citado Decreto; e vista a proposta da Asesoría Xurídica, proceder ao ingreso da cantidade de 1.806,53 euros en concepto de custas na conta do Xulgado de 1ª Instancia nº 2 de Lugo.

ASUNTO DE URXENCIA

Fóra da Orde do Día, e previa declaración de urxencia aprobada por unanimidade, adóptase o seguinte acordo:

ACORDO RELATIVO Á CONVOCATORIA DA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO QUE CORRESPONDE Ó DÍA 24 DO PRESENTE MES DE XUÑO.

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta Corporación en sesión extraordinaria celebrada o día trinta de xullo de dous mil dezanove, polo que se fixa o réxime de sesións do Pleno e da Xunta de Goberno.

No dito acordo recóllese que a Xunta de Goberno celebrará sesión os venres de cada semana, as once horas. E que: “de non celebrarse no día e hora indicados, a sesión terá lugar en segunda convocatoria á mesma hora do mércores seguinte, e salvo que coincida con días festivos, ou inhábiles, en cuxo caso celebrárase á mesma hora do primeiro día seguinte hábil”.

Así mesmo, no meritado acordo do Pleno de trinta de xullo de 2019, sinálase que: “Todo elo sen prexuízo de que a Xunta de Goberno poida cambiar por acordo da mesma o día e a hora da celebración das súas sesións, dando conta ó Pleno da Corporación, de conformidade cos arts. 100 e 101 do Regulamento Orgánico da Corporación”.

Tendo en conta que a sesión que corresponde ó día vinte e catro de xuño de 2022, coincide con día festivo, a Xunta de Goberno, a proposta da Presidencia, e por unanimidade, acorda:

1º.- Que a sesión ordinaria da Xunta de Goberno correspondente ao día vinte e catro de xuño de 2022, por tratarse de día festivo, se celebre o día anterior, vinte e tres de xuño, á mesma hora.

2º.- Dar conta do presente acordo ó Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre.

20.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.